

GUÍA SOBRE O MALTRATO.

Para comentar na clase

¿Que é maltratar?

Cando nos pelexamos e nos pegamos facémonos dano, pero tamén facemos dano cando insultamos a unha persoa ou nos burlamos dela, cando non a deixamos xogar ou a botamos do grupo, ninguén a quere e sempre queda soa. Tamén facemos dano cando falamos mal de alguén ás súas costas para que os demais non sexan amigos dela. Tamén nos maltratan cando somos desvalorizados, ridiculizados, humillados...



Todo isto é maltratar.

Quizais nun momento ou outro sufriches ou fixeches cousas destas. Ás veces se empeza xogando, pero trátase de decatarse de que iso doe e non se debe facer e que entre todos podemos evitalo. Así conseguiremos que se respecten os nosos dereitos e os dereitos de todos. Así conseguiremos convivir todos mellor e ser máis felices.

Por iso hai que ter claro cáles son os nosos dereitos e as nosas responsabilidades


Os nosos dereitos ...

TODAS AS PERSOAS TEMOS DEREITO A SER BEN TRATADAS.

Nesta escola (en todas partes) teño dereito a que me traten ben.

Así vou dicir que...

- NINGUÉN me pegará, nin dará empuxóns, nin me fará dano fisicamente.
- NINGUÉN me ameazará, nin me meterá medo.
- NINGUÉN collerá nin estragará as miñas cousas.
- NINGUÉN me insultará, burlará ou se rirá de min.



- NINGUÉN difundirá rumores sobre min.
- NINGUÉN me excluíra do grupo, nin me impedirá xogar cos compañeiros.

Todos estes DEREITOS deben ser respectados SEMPRE


As nosas responsabilidades...

TODAS AS PERSOAS TEMOS O DEBER DE TRATAR BEN AOS DEMAIS.

Nesta escola (en todas partes) teño o DEBER de tratar ben a todas as persoas.

Así, vou dicir que...

- EU non debo pegar, nin dar empuxóns, nin facer dano físicamente a ninguén.
- EU non debo ameazar nin meter medo aos nenos.
- EU non teño que coller, nin estragar as cousas dos demais.
- EU non debo insultar, burlarme, nin rirme de ninguén.
- EU non debo difundir rumores sobre as persoas.
- EU non debo excluír a ninguén do grupo, nin impedirle xogar cos outros pequenos.



Todos estes DEBERES deben cumprirse SEMPRE

E se os meus dereitos non son respectados?



Unha forma de maltrato pode ser insultar a un compañeiro ou compañeira por sistema, romperlle ou quitarlle as súas cousas, insultalo ou chamalo con alcumes, enfadarse continuamente, excluílo do grupo, falar mal del ou dela, difundir rumores ás súas costas, etc.

Os que o ven e non fan nada nin din nada para deter estes abusos tamén son cómplices do maltrato.

Ás veces pode parecer mellor calar, pero isto non detén o maltrato. Sobre todo non o deixes pasar. Dillo ao teu mestre ou a un adulto.


É importante. Denunciar ou queixarse dunha situación de maltrato non é "chivarse", é defender un DEREITO

¿Que pasa cos nenos e nenas maltratados?

Están tristes, séntense mal, dálles vergoña de non ser o suficientemente valentes e ás veces poden pensar que teñen a culpa do que lles pasa.

Nós sabemos que non a teñen. Ás veces teñen un problema ou alguna discapacidade. Noutros casos son intelixentes, teñen algunha habilidade que os distingue dos demais ou ... Ás veces non hai motivo, simplemente facer a "graza".

Se coñeces algún neno ou nena ao que lle pasan estas cousas, debes apoialo.



E cos nenos e nenas que fan dano aos demais?



Non o fan porque sexan malos, tal vez queren controlar aos demais porque non se senten ben con eles mesmos.

Cando fan dano a outra persoa poden sentirse valentes e fortes, pero é moi probable que no fondo teñan medo e se sintan inseguros.

Non se imaxinan como se sente a persoa á que fan dano, se o pensasen seguramente non o farían.

Se coñeces algún neno ou nena que fai estas cousas, non o sigas nin lle rías as "grazas".

Que podes facer se te atopas nunha situación de maltrato?

Hai 5 cousas que deberías facer se te encontras nunha situación de maltrato:

1. Intenta **manter a calma**. Se berras ou choras podes empeorar a situación. Se ven que te molestan pódeno repetir para "divertirse".
2. **Non respondas** do mesmo xeito: pegar ou responder con insultos complica a situación. Di algo como "non me fales así "ou " non tes nada mellor que facer?". Non respondas como el espera. Utiliza a imaxinación.
3. Intenta **falar amigablemente**, utiliza as respostas asertivas que practicaches na casa ou en clase.
4. **Abandona o lugar**. A miúdo a mellor solución é escapar da situación e buscar a axuda dun adulto. Isto non é unha covardía, é actuar con intelixencia.
5. Fala con alguén. **Explícallo aos mestres** ou a un adulto. Non debemos calar. Denunciar unha situación de maltrato non é "chivarse", é defender un dereito fundamental.



E para rematar, 10 puntos para pensar:

1. O maltrato non é unha broma. O maltrato non é de risa. Nunha broma rin todos. Cando alguén se molesta ou asusta xa non é unha broma.
2. Ninguén merece ser maltratado. Dise que hai xente que o busca, pero iso só é unha escusa. Todos temos dereito a ser tratados con respecto.
3. Se te pegan ou insultan é mellor non volveuse a eles. Iso empeora a situación. Hai que encontrar outras maneiras de resolver os conflitos.

4. Dise que os conflitos son "cousas de rapaces", pero deixar de lado unha persoa, facer correr falsos rumores, excluíla do grupo e cousas así tamén é maltratar. E iso tamén o fan as rapazas.
5. Os nenos e as nenas que son maltratados non son pequenos que non se saben defender. Cando un grupo intimida a unha persoa soa é moi difícil facer fronte. Os covardes son os que necesitan ir en grupo para sentirse fortes.
6. Ir llo a dicir ao mestre non é "chivarse". Sufrir ou ser testemuña dun maltrato e dicilo a un adulto que pode axudar é defender os nosos dereitos ou os dos demais; é ser intelixente, honesto e responsable.
7. Os rapaces e rapazas que son maltratados a miúdo están tristes e sofren durante moito tempo. Son infelices e debemos axudalos porque son vítimas dunha situación inxusta.
8. Cando alguén se pelexa máis vale non meterse pero hai que buscar o xeito de parar a pelexa e iso faise buscando a axuda dun adulto. Un espectador é cómplice cando non actúa nin denuncia as agresións.
9. Castigar aos nenos e ás nenas que fan dano aos outros é unha posibilidade, pero non a única. Hai nenos e nenas que agreden porque non coñecen outras maneiras de relacionarse. E teñen que aprender. Por iso traballamos para mellorar a convivencia.
10. A vítima necesita axuda, pero tamén os nenos e nenas que agreden a miúdo non se senten ben con eles mesmos. Todos necesitamos aprender maneiras pacíficas de resolver os conflitos.